



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** casa do concello  
**Día:** 6 de agosto de 2015  
**Hora de comezo:** 14.15 h  
**Hora de remate:** 14.55 h

### **ASISTENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato  
Don Manuel Fernández Munín  
Don Jesús Sanjuás Mera  
Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo secretario – interventor accidental, don Juan Manuel Corral Sánchez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Proposición representante no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria**
- 3. Aprobación e pagamento factura transporte alimentos “Cruz Roja”**
- 4. Aprobación dos padróns de abastecemento e saneamento**
- 5. Festivos locais para o ano 2016**
- 6. Concesión de licenza para a tenza de can potencialmente perigoso**
- 7. Arquivo expediente limpeza leiras de monte no lugar de Lestedo, ref. catastrais 3688312NH4338N0001FL E 3690206NH4339S0001QZ**
- 8. Arquivo expediente limpeza leira de monte no lugar de Lestedo, ref. catastral 3688302NH4338N0001BL**
- 9. Solicitude subvención de equipamento de emerxencias**
- 10. Execución subsidiaria da reparación por danos ocasionados na ponte que está sobre o rego de Valpedre – Donas. Rexeitamento alegación presentada pola aseguradora Allianz SA**
- 11. Alta servizo de abastecemento e saneamento**
- 12. Licenzas urbanísticas**
- 13. Expedientes de reposición de legalidade urbanística**

14. **Aprobación de factura do acondicionamento de cuberta e interiores na Casa de Cultura de Camporrapado “Subvención Deputación 2015”**
15. **Aprobación dos convenios de abastecemento de auga ós lugares de Marrozos e Lavacolla**
16. **Resolución do contrato de mantemento da aplicación informática para reporte de incidencias CITY4Boqueixón**
17. **Aprobación de facturas**
18. **Rogos e preguntas**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1. - Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión constitutiva da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 16 de xullo do 2015.

### **2. - Proposición representante no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria**

Con data 20 de xullo do 2015, número de rexistro de entrada 15/1453 recíbese no concello de Boqueixón escrito da Delegación de Economía e Facenda de Galicia – A Coruña, no cal se sinala que constituídos xa os novos concellos, tras as eleccións que tiveron lugar no mes de maio, é preciso proceder a realizar os trámites para designar vogais nos Consellos Territoriais da Propiedade Inmobiliaria.

É preciso, en aplicación da Orden de Economía e Facenda de 26 de xullo do 2007 (BOE 4 de agosto), como concello da provincia da Coruña cuxa poboación de dereito é inferior a vinte mil habitantes, propoñer un concello para que represente o concello de Boqueixón no Consello Territorial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Propoñer como representante do concello de Boqueixón ante o Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria ó concello de Padrón.
2. Dar traslado deste acordo á Delegación de Economía e Facenda de Galicia – A Coruña.

### **3. - Aprobación e pagamento factura transporte alimentos “Cruz Roja”**

O día 24 de xullo de 2015, co núm. 15/1483 tivo entrada no rexistro deste Concello a factura correspondente ó gasto ocasionado polo transporte de alimentos “Cruz Roja” desde A Coruña ata Boqueixón, realizado pola empresa GALITRANS-96, S.L.

Este gasto, ocasionada polo transporte, farase *con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación de A Coruña*.

Por isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura nº CR 03/15 e con rexistro de entrada número 15/1483 da empresa GALITRANS-96, S.L. polo concepto de transporte de alimentos “Cruz Roja” desde A Coruña ata Boqueixón, por importe de **617,10 €**.
2. Aprobar o pagamento da mencionada factura, que se fará *con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación de A Coruña*.

3. Dar traslado deste acordo a intervención para o seu coñecemento e efectos.

#### **4. - Aprobación dos padróns de abastecemento e saneamento**

A empresa Espina y Delfin, adxudicataria dos servizos de auga e saneamento, fixo entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe nos correspondentes pregos de cláusulas que rexeron as contratacións dos dous servizos.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 2º trimestre do ano terían os seguintes aboados:
  - Servizo de abastecemento de auga:1.046
  - Servizo de saneamento: 1.343
2. Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

#### **5. - Festivos locais para o ano 2016**

Con data 28 de xullo 2015, rexistro de entrada nº 15/1504, recíbese no concello a circular da consellería de Traballo e Benestar, pola que se solicita ao concello de Boqueixón que designe os dous días de festas locais no municipio para o ano 2016.

No presente ano 2015 establecéronse como festivos locais o 22 de xaneiro (San Vicente) e o 14 de maio (A Ascensión).

Debido a que non hai variación nos festivos locais para este ano 2016.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda designar festivos locais para o 2016 os días:

- 22 de xaneiro – San Vicente
- 5 de maio – A Ascensión

Comunicar este acordo a Consellería de Traballo e Benestar

#### **6. - Concesión de licenza para a tenza de can potencialmente perigoso**

O 8 de xullo de 2015 co número de entrada 15/1387 don Diego xxxxx solicita licenza administrativa para a tenza dun animal potencialmente perigoso, en concreto para a tenza dun dobermann, con data de nacemento 18/07/2014, femia, cor negro fogo, sen signos particulares, código de identificación 941000016946803 implantado no lado esquerdo do pescozo e con destino: animal de compañía, garda e defensa.

Acompáñase a seguinte documentación:

- Certificado psicotécnico efectuado a don Diego xxxxx, de data 26 de decembro do 2014, que a capacita como apta para obter a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos (copia compulsada).

- Información do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de don Diego xxxxx os efectos da tenza de animais potencialmente perigosos (orixinal).
- Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sinalando que don Diego xxxxx, co DNI xxxxx, non foi sancionada por infraccións graves ou moi graves, de acordo co sinalado no apdo 3 artigo 13 da Lei 50/1999, de 23 de decembro.
- Copia da póliza de seguro multiriscos, número de póliza 15803867 no cal se sinala cobertura para o can, propiedade de don Diego xxxxx.
- Copia da cartilla sanitaria do can dobermann, código de identificación 941000016946803
- Certificado veterinario oficial do can can dobermann, código de identificación 941000016946803
- Copia do DNI de don Diego xxxxx
- Xustificante do ingreso da taxa, por importe de 30,00 euros, en concepto de “taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza por tenza de animais perigosos.

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda:

1. Conceder licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a don Diego xxxxx, como propietario do animal que se identifica como especie e raza canina dobermann, con data de nacemento 18/07/2014, femia, cor negro fogo, sen signos particulares, código de identificación 941000016946803 implantado no lado esquerdo do pescozo e con destino: animal de compañía, garda e defensa.
2. A presente licenza terá unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada á finalización do citado prazo.
3. Notificar este acordo ó interesado.

#### **7. - Arquivo expediente limpeza leiras de monte no lugar de Lestedo, ref. catastrais 3688312NH4338N0001FL E 3690206NH4339S0001QZ**

O 23 de xuño do 2015 co número de entrada 15/1242, dona Milagros xxxxx, con domicilio en Lestedo número xx, presenta escrito solicitando a limpeza das leiras de monte, propiedade de dona Concha xxxxx, que están preto da súa vivenda, posto que están sen limpar e para evitar o risco de incendios.

Por Resolución da alcaldía de 3 de xullo do 2015 resolveuse requirir á propietaria das leiras de monte con referencia catastral número 3688312NH4338N0001FL e número 3690206NH4339S0001QZ, dona Concha xxxxx para que procedese coa limpeza da das leiras ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de dona Milagros xxxxx.

Feita inspección técnica o día 30 de xullo de 2015 compróbase que *“Feita segunda inspección técnica no lugar de Lestedo – Vilar, en relación coa solicitude de limpeza de biomasa vexetal , preto da vivenda de dona Milagros xxxxx, compróbase que nas leiras, cuxas referencias catastrais son a número 3688312NH4338N0001FL que está a 16 metros da vivenda citada e a número 3690206NH4339S0001QZ, que está a 8 metros da vivenda efectuáronse as labouras de limpeza de maleza e herba seca.*

*Son propiedade de dona Concha xxxxx.*”

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra dona Concha xxxxx, propietaria das leiras dedicadas a monte número 3688312NH4338N0001FL que está a 16 metros da vivenda citada e a número 3690206NH4339S0001QZ, que está a 8 metros da vivenda, por proceder a mesma cos traballos de limpeza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
2. **Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.**
3. Comunicar o acordo á interesada.

#### **8. - Arquivo expediente limpeza leira de monte no lugar de Lestedo, ref. catastral 3688302NH4338N0001BL**

O 23 de xuño do 2015 co número de entrada 15/1242, dona Milagros xxxxx, con domicilio en Lestedo número 47, presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, propiedade de don Ovidio xxxxx, que están preto da súa vivenda, posto que están sen limpar e para evitar o risco de incendios.

Por Resolución da alcaldía de 3 de xullo do 2015 resolveuse requirir á propietario da leira de monte con referencia catastral número 3688302NH4338N0001BL, don Ovidio xxxxx para que procedese coa limpeza da da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de dona Milagros xxxxx.

Feita inspección técnica o día 3 de agosto de 2015 compróbase que *“Feita a terceira inspección técnica no lugar de Lestedo – Vilar, en relación coa solicitude de limpeza de biomasa vexetal, preto da vivenda de dona Milagros xxxxx, compróbase que na leira, cuxa referencia catastral é a número 3688302NH4338N0001BL que está a 16 metros da vivenda citada efectuaronse as labouras de limpeza de maleza e herba seca.*

*É propiedade de don Ovidio xxxxx.*”

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don Ovidio xxxxx, propietario da leira dedicada a monte número 3688302NH4338N0001BL que está a 16 metros da vivenda citada, por proceder a mesma cos traballos de limpeza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
2. **Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.**
3. Comunicar o acordo á interesado.

#### **9. - Solicitude subvención de equipamento de emerxencias**

A Orde do 16 de xullo de 2015 (DOG número 143 do 30 de xullo de 2015) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece as bases reguladoras para a

adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencia, aos concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, que contén con Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

O equipamento que se cederá distribúese nas seguintes liñas de axuda:

- Liña 1: 18 vehículos todoterreo tipo pick-up
- Liña 2: 9 remolques para a atención ás emerxencias.

Cada solicitante deberá pedir por orde de preferencia o equipamento das liñas, de acordo coas súas necesidades, e, en función da súa puntuación, concederáselle o solicitado ata o límite de existencia, de acordo cos seguintes criterios:

- a.** As entidades que xa obtivesen algún tipo de vehículo no presente ano 2015, sexa todo terreo ou furgón, non poderán solicitar a liña 1 desta orde.
- b.** As entidades que xa obtivesen o remolque de emerxencias no presente ano 2015 non poderán solicitar a liña 2 desta orde.
- c.** Cumpridos os dous puntos anteriores, o equipamento asinarase en función da orde de puntuación total de maior a menor.
- d.** Na primeira rolda de adxudicación, cada solicitantesó poderá levar equipamento dunha liña, unha vez resolta,e, de seguir quedando existencias, poderían acceder ao equipamento da outra liña, seguindo os criterios establecidos.
- e.** Os beneficiarios de equipamento das liñas 1 comprométense a aceptar a cesión de terminais TETRA da nova rede de comunicacións de emerxencias da Xunta de Galicia que, nun número máximo de tres e, en función das existencias, cederá esta Administración co compromiso por parte das entidades beneficiadas de facerse cargo do seu mantemento.

Para ser beneficiario de ditas axudas nas bases reguladoras citadas esíxese que:

- a.** Que o solicitante teña unha agrupación de voluntarios de protección civil inscrita no rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme a Lei 5/2007, do 7 de maio, e o Decreto 56/2000, do 3 de marzo. ou que tivesen presentada oficialmente a solicitude de inscrición neste, quedando neste caso condicionada á concesión da subvención á efectiva inscrición, segundo se establece no artigo 59 e concordantes do Decreto 56/2000, do 3 de marzo. Esta condición debe cumprirse, como moi tarde, no último día do prazo de presentación de solicitudes.
- b.** Ter presentadas as contas a que se refire o artigo 208 e seguinte do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, correspondentes ao exercicio orzamentario 2013 no Consello de Contas de Galicia.
- c.** Que non teñan recibido axudas por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o mesmo fin nos últimos tres anos para o equipamento da mesma tipoloxía.
- d.** No caso das mancomunidades ou agrupación de concellos os servizos de emerxencia e protección civil deberán prestarse de xeito mancomunado. A presentación de solicitude de forma conxunta e mancomunada é incompatible coas solicitude individual dos concellos que a compoñen.

Tendo en conta que o Concello de Boqueixón reúne tódolos requisitos necesarios para a solicitude, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza un vehículo todo terreo tipo pickup
2. Que o concello cumpre cos requisitos esixidos na orde da convocatoria.
3. Que o concello acorda solicitar a subvención en especie aceptando as condicións e demais requisitos esixidos nesta convocatoria.
4. Que non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
5. Aceptar integramente os termos e prescricións da citada Orde e facultar a D. Ovidio Rodeiro Tato, alcalde do concello, para aceptar a cesión do equipamento, no caso de Resolución favorable da consellería.
6. Que non se está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Estar o día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2 g) da Lei9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Comunicar esta resolución á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

#### **10. - Execución subsidiaria da reparación por danos ocasionados na ponte que está sobre o rego de Valpedre – Donas. Rexeitamento alegación presentada pola aseguradora Allianz SA**

##### ANTECEDENTES

1. Con data 29 de abril de 2015 o capataz de obras do concello presenta o seguinte informe:

*“Que a pista municipal que transcorre de Donas a Codeso está en perfecto estado para a circulación de vehículos ou persoas. Dita pista municipal que ten o número 483 (según o inventario municipal)*

*Está asfaltada e ten un ancho de 4 metros, polo cal débese circular pola mesma con precaución, ao ser estreita.*

*Ademais e dadas as anteriores características, atópase limitada a dez toneladas o peso máximo dos transportes que poden circular por dita pista municipal, salvo autorización do concello.*

*Apórtase reportaxe fotográfica do lugar donde se ubica a sinalización vertical que establece a limitación na pista municipal número 483, localizada no lugar de Ardesende, no cruce coa AC 240, Donas-Ponte Ledesma.*

*Dita pista municipal atravesa o chamado “Rego de Valpedre”.*

*O 29 de abril do 2015, a media mañá, un camión cargado de area, matrícula xxxxx, propiedade da empresa “xxxxx SL”, ao chegar preto do citado rego, sobre o que hai unha ponte, para deixar pasar un automóbil arrimouse a súa marxe dereita, saíndo da pista. (Marxe dereita dirección Ponte Ledesma).*

*Ao saírse da pista, e dado o enorme peso do citado camión cargado de area, afundiuse o terreo, o cal provocou a rotura do muro de contención da ponte así como a caída dun muro de pedra da ponte.*

*Apórtase reportaxe fotográfica efectuada o 29 de abril, dos danos ocasionados polo camión”.*

2.- A Xunta de Goberno que tivo lugar o 4 de xuño do 2015 acordou:

-*“Aprobar a valoración da reparación dos danos causados na ponte sobre o rego de Valpedre no lugar de Donas, que ascende a 8.054,91 € IVE incluído.*

-*Comunicar á empresa “xxxxx SL” que deberá proceder nun prazo máximo de 30 días coa reparación da referida ponte.*

-*Dar trámite de audiencia a “xxxxx SL” para que no prazo de 10 días poidese presentar as alegacións ou documentos que estimase oportunos”.*

3.- xxxxx SL, recibe a notificación do acordo da Xunta de Goberno do 4 de xuño do 2015, rexistro de saída 09/06/2015 co número 15/487 o día 11 de xuño do 2015.

Con data 13 de xullo do 2015, rexistro de entrada 15/1410, recíbese no concello escrito, vía correo electrónico, no cal a compañía de seguros e reaseguros Allianz SA alega que non poden aceptar a reclamación posto que dos antecedentes que posúen non se desprende culpabilidade algunha para o condutor do vehículo asegurado. Que a causa do sinistro foi a falta de capacidade portante da calzada, a cal cedeu baixo o peso do vehículo asegurado.

4. Con data 30 de xullo do 2015, don Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos, con ampla experiencia en deseño e construción de estradas, en contestación ó escrito de 13 xullo de 2015 de Allianz, compañía de Seguros e Reaseguro, S.A respecto o sinistro acontecido na ponte de Donas sobre o Rego de Valverde no concello de Boqueixón; INFORMA que:

“O ancho da calzada onde tivo lugar o sinistro, conta con 4,50 m en todo o seu percorrido máis 0,50 m de berma a cada lado.

Ó xuízo do técnico que subscribe, o sinistro non se debeu á unha insuficiente capacidade portante da calzada, senón a unha invasión da berma (franja lonxitudinal que pode estar afirmada ou non adosada entre a calzada e o noiro) por parte do camión, que o non estar esta deseñada para soportar tráfico rodado, cedeu baixo o peso do vehículo, o que e derivou nun derrubamento do noiro e do muro de acompañamento da marxe dereita da estrada.

Acompáñanse fotografías do lugar do sinistro onde se pode verificar que a parte afectada da estrada corresponde coa berma da mesma:





Así pois, á vista do exposto anteriormente e baixo o criterio do técnico que subscribe, o sinistro non se produciu por causa da capacidade portante da estrada (a toda vista suficiente xa que non se observan roturas nin deformacións do firme), senón a unha invasión do propio vehículo sobre a berma o que orixinou o derrubamento do noiro.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA: o artigo 84.2 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establece “que os interesados nun prazo non inferior a 10 días **nin superior a 15 días**, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes”.

SEGUNDA: o artigo 58 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que “A Administración titular da estrada procederá con cargo á persoa causante dos danos, á execución das medidas necesarias para a reparación dos danos producidos ao dominio público viario e á restitución da realidade física alterada.

A persoa causante dos danos deberá aboarlle á administración titular da estrada a indemnización polo danos e perdas ocasionados. No caso de que un asegurador asumise o risco derivado da responsabilidade civil da persoa causante dos danos, a administración titular da estrada poderá requirirle directamente a aquela o pagamento da indemnización polos danos causados ao dominio público viario”.

Tendo en conta, por un lado que a alegación foi presentada, pola compañía de seguros, fóra de prazo e por outro que na mesma non se acredita o que na mesma se alega pois unicamente se limita á falta de capacidade portante da calzada, que cedeu baixo o peso do vehículo.

Tendo en conta, por outra banda, que tal falta de capacidade non é real tal como se acredita no informe técnico anteriormente descrito, senón que o sinistro produciuse por “unha invasión do propio vehículo sobre a berma o que orixinou o derrubamento do noiro”, a Xunta de Goberno acorda:

**Rexeitar** a alegación presentada por Allianz, Compañía de Seguros e Reaseguros SA.

1. Proceder coa **execución subsidiaria** e en consecuencia coa reparación da ponte de Donas, sobre o rego de Valpedre, destrozada polo camión matrícula xxxxx, propiedade da empresa “xxxx SL. Dito propietario ou ben a compañía aseguradora deberán aboar ó concello a contía da reparación dos danos ocasionados que ascende a 8.054,91 €.
2. No caso de non aboar o citado importe procederase polo concello e á recadación da débeda vía executiva.
3. Notificar este acordo á compañía de seguros Allianz, Compañía de Seguros e Reaseguros SA e o propietario do camión, xxxxx SL.

### 11. - Alta servizo de abastecemento e saneamento

#### a) Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento, inclúese como beneficiario ó usuario que se relaciona a continuación.

Nome	DNI	Lugar	Taxas
Iván xxxxx	xxxxx	Lugar xxxx - Sergude 15881 Boqueixón	<b>54,86-€</b>

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. **Dar de alta** no servizo de abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexeran pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento, Dita taxa xa consta ingresada nas arcas municipais, polo propio interesado no numero de conta, **xxxxx** - (ABANCA), achegase xustificante da transferencia realizada.
2. **Notificar** este acordo ó interesado

### **b) Alta en saneamento**

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúense como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Lugar	Taxas
Iván xxxxx	xxxxx	Lugar xxxxx - Sergude 15881 Boqueixón	<b>54,86-€</b>

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. **Dar de alta** no Servizo de Saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de sumidoiros. Dita taxa xa consta ingresada nas arcas municipais polo propio interesado no numero de conta, **xxxxx** - (ABANCA), achegase xustificante da transferencia realizada.
2. **Notificar** este acordo o interesado.

## **12. - Licenzas urbanísticas**

### **a) Concesión de licenza municipal de obras, para a rehabilitación na cuberta dunha vivenda unifamiliar tradicional existente en Pazos - Lestedo. Expte.: 11/2208**

#### ANTECEDENTES

Con data do 09/09/2011 (registro de entrada 11/2208, de data do 12/09/2011), por Marisol xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras menores, para a “*rehabilitación da cuberta dunha vivenda unifamiliar tradicional existente*”, que se empraza no lugar de Pazos, na parroquia de Lestedo, situada urbanísticamente en Solo non Urbanizable de Núcleo Rural, segundo as normas subsidiarias de planeamento municipal vixentes nese momento. Coa concesión desta licenza, as obras sitúanse urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural, en base ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, actualmente vixente.

Con data do 20/09/2011, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o **informe técnico favorable**; debendo aportarse ao expediente, as autorizacións previas necesarias do Servizo Provincial de Estradas (está en zona de afección da estrada provincial DP-1202), e do Organismo Autónomo de Augas de Galicia (as actuacións previstas están en zona de servidume do rego do Foxo).

Con data do 08/09/2011 (con rexistro de entrada n.º: 11/100/124, de data do 12/09/2011), preséntase a solicitude de autorización previa de obras, ante o Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña.

Con data do 30/09/2011, polo servizo de vías e obras da Deputación da Coruña, a través da enxeñeira do servizo, emítase o informe correspondente, para as obras que se pretenden.

Con data do 28/09/2011 (con rexistro de saída n.º: 11/916), solicítase autorización previa de obras, ante o Organismo Autónomo de Augas de Galicia. Con data do 01/12/2011, por Augas de Galicia, baixo o expediente n.º: DH.W15.29389, requírese que por parte da interesada se realice a petición expresa e formal das obras, en base ao informe que emite o enxeñeiro do servizo de Augas de Galicia. Con data do 23/04/2012 (con rexistro de saída n.º: 12/414, de data do 24/04/2012, a través do concello, por Marisol xxxxx, preséntase a documentación necesaria, en base á petición de Augas de Galicia, mencionada anteriormente.

Con data do 04/06/2015 (con rexistro de entrada neste concello n.º: 15/1358, con data do 06/07/2015, polo Organismo Autónomo de Augas de Galicia, achégase a autorización/legalización necesaria para as ditas obras, a nome da solicitante.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa: o ingreso da taxa, e do ICIO correspondentes, por importe total de 203,09 €, ingresados na conta municipal, con data do 31/07/2015; o informe técnico municipal favorable, o informe previo que emite o servizo de vías e obras da Deputación Provincial; e a autorización-legalización que emite o Organismo Autónomo de Augas de Galicia. Polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

#### **Primeiro:**

**Conceder**, a MARISOL xxxxx, a LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS MENORES, para a *“rehabilitación da cuberta dunha vivenda unifamiliar tradicional existente”*, que se empraza no lugar de Pazos, na parroquia de Lestedo, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

#### **a.-) Condicións particulares:**

01. N.º: do expediente: 11/2208
02. Promotora da licenza: Marisol xxxxx
03. DNI da promotora: xxxxx
04. Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural
05. Tipo de Obras: Rehabilitación de cuberta dunha vivenda tradicional existente
06. Situación e emprazamento: Pazos - Lestedo
07. Referencia catastral da edificación: 001903800NH43G0001BJ
08. Taxa pola solicitude da licenza: 61,62 €
09. Orzamento de execución material das obras: 7.073,50 €
10. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 141,47 €
11. Prazos de execución:
  - Para comezar as obras: **6 meses** (desde o recibo de notificación da licenza)
  - Para terminar as obras: **3 anos** (desde o recibo de notificación da licenza)

#### **b.-) Condicións especiais:**

12. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas e seguros correspondentes.

13. As condicións dos informes sectoriais emitidos, son de obrigado cumprimento.

**Segundo:**

**APROBAR**, a taxa e a liquidación dos dereitos municipais, por importe total de **203,09 €**, e que xa foron ingresados nas arcas municipais, con data do 31/07/2015.

**b) Concesión de licenza municipal de parcelación dunha finca para formar parte de dúas parcelas. Expte.: 15/1013**

ANTECEDENTES

Con data do 25/05/2015 (registro de entrada 15/1013), por Eladio xxxxx, con NIF xxxxx e María Josefa xxxxx, con NIF xxxxx, preséntase un proxecto técnico de parcelación da finca número 442 da zona de Concentración Parcelaria de Santa María de Lamas e Santa Eulalia de Vigo, sita no lugar de Carabán, parroquia de Vigo, e emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural Común e en Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria.

Con data do 03/06/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o **informe técnico favorable**, no que se fai constar que será preciso obter autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, previa a tramitación da licenza municipal, sendo de obrigado cumprimento as condicións que se podan establecer no correspondente informe, debido a que a finca matriz localízase parcialmente no contorno de protección do Cruceiro de Carabán, elemento incluído no Catálogo do PXOM coa clave CR-19, e grao de protección integral (nivel I).

Con data do 08/06/2015, pola Alcaldía remítase ó Servizo de Patrimonio Cultural un exemplar do proxecto técnico presentado xunto cos informes técnicos, emitidos pola arquitecta municipal con data do 3 de xuño de 2015, co fin de solicitar o correspondente Informe ou Autorización Previa.

Con data do 21/07/2015 e registro de entrada núm. 15/1464, ten entrada nestas dependencias municipais a **Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**, de data 14/07/2015, **pola que se autoriza a segregación solicitada, lembrándolles que calquera obra que se pretenda executar, necesitará de autorización previa por parte da Consellería de Cultura.**

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 25/05/2015), así como a cesión municipal obrigatoria, asinada polos promotores, en aplicación do artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

**Primeiro:**

**CONCEDER**, a **Eladio xxxxx e María Josefa xxxxx**, a “*licenza municipal*”, para a **Parcelación dunha finca**, sita no lugar de Carabán, na parroquia da Vigo, e emprazada urbanísticamente en solo de núcleo rural común e en solo rústico de especial protección agropecuaria, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. do expediente: 15/1013
02. Promotores da licenza: ELADIO xxxxx  
MARÍA xxxxx

03. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN E SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA
04. Tipo de licenza: PARCELACIÓN DUNHA FINCA PARA FORMAR DÚAS PARCELAS
05. Situación e emprazamento: CARABÁN – VIGO
06. Técnico autor do proxecto: JESÚS FÉLIX RODRÍGUEZ MARTÍNEZ. Enx. Técnico Agrícola

### **Descrición da parcela inicial, e das parcelas resultantes**

#### **1.- PARCELA INICIAL:**

Finca nº 442 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria da zona de Santa María de Lamas e Santa Eulalia de Vigo (Boqueixón – A Coruña). Terreo dedicado a labradío e monte ao sitio de “Caraván”, de cincuenta e oito áreas e noventa e cinco centiáreas (5.895,00 m<sup>2</sup>). Linda: Norte, José xxxxx (441) e zona excluída; Sur, zona excluída; Leste, zona excluída; e Oeste, saída a camiño e José xxxxx (542).

A finca descrita está cruzada por un camiño de Norte a Sur.

Dentro do perímetro da finca descrita figuran as seguintes construcións: unha casa que ocupa a superficie de solo de 160 m<sup>2</sup>, cunha superficie construída na planta baixa de 160 m<sup>2</sup> e na planta alta de 121 m<sup>2</sup>, almacén de 45 m<sup>2</sup>, alpendre de 66 m<sup>2</sup>, hórreo de 8 m<sup>2</sup> e silo para forraxe de 376 m<sup>2</sup>

Identifícase coa referencia catastral 15012A503004420000WO, e está cualificada dentro do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boqueixón, como Solo de núcleo rural común e como Solo Rústico de protección agropecuaria.

Inscrita no Rexistro da propiedade nº 1 de Santiago de Compostela, Tomo 1741, libro 134, folio 8, finca número 9.213.

#### **2.- PARCELAS RESULTANTES FINAIS:**

##### **Parcela A:**

Labradío e monte ao sitio de “Caraván”, de 1.600,00 m<sup>2</sup> de superficie bruta, que trala cesión para viais de 172 m<sup>2</sup> quedará cunha superficie neta de **1.428,00 m<sup>2</sup>**. Linda: Norte, zona excluída; Sur, parcela B que se describe a continuación; Leste, camiño intermedio con zona excluída; e Oeste, camiño.

Dentro do perímetro desta parcela figuran as seguintes construcións: Unha casa que ocupa a superficie de solo de 160 m<sup>2</sup>, cunha superficie construída na planta baixa de 160 m<sup>2</sup> e na planta alta de 121 m<sup>2</sup>, almacén de 45 m<sup>2</sup>, alpendre de 66 m<sup>2</sup> e hórreo de 8 m<sup>2</sup>.

Dita parcela está cualificada como Solo de núcleo rural común.

##### **Parcela B:**

Labradío e monte ao sitio de “Caraván”, de **4.295,00 m<sup>2</sup>**. Linda: Norte, José xxxxx (441) e a parcela A antes descrita; Sur, zona excluída; Leste, camiño intermedio con zona excluída; e Oeste, saída a camiño e José xxxxx (542).

Esta parcela está cruzada por un camiño de Norte a Sur.



Dentro do perímetro desta parcela figura un silo para forraxe que ocupa unha superficie de solo de 376 m<sup>2</sup>.

Dita parcela está cualificada como Solo rústico de protección agropecuaria.

### **Parcela de Cesión obrigatoria:**

Segundo o artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, cédese de forma gratuíta, ao Concello de Boqueixón, para as futuras ampliacións dos camiños públicos, unha porción de terreo procedente da Parcela A resultante, cunha extensión de 172,00 m<sup>2</sup>.

### ***Segundo:***

**ACEPTAR**, por parte do Concello de Boqueixón, a parcela de CESIÓN obrigatoria, procedente da Parcela A resultante, descrita anteriormente, e destinar a superficie total desta cesión, ás futuras ampliacións das vías públicas municipais existentes, e que lindan coa parcela cedida, fóra das aliñacións oficiais establecidas polo planeamento municipal.

### **c) Concesión de licenza municipal de segregación e agrupación de fincas en unidade de acto, en Deseiro de Abaixo – Sergude. Expte.: 15/1070**

#### ANTECEDENTES

Con data do 02/06/2015 (registro de entrada 15/1070), polos irmáns María Dolores, María Esther e Manuel xxxxx, con NIFs xxxxx, respectivamente, e polos cónxuxes Santiago xxxxx e María del Carmen xxxxx, con NIFs xxxxx, respectivamente, preséntase un proxecto técnico de segregación e agrupación de fincas, sitas no lugar de Deseiro de Abaixo, parroquia de Sergude, e emprazadas urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural Común.

Con data do 10/06/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o informe técnico favorable condicional, no que se fai constar que deberán achegar a escritura pública de aceptación, segregación, liquidación parcial de sociedade de gananciais e entrega de legado outorgada por Manuel xxxxx e José xxxxx, ante o notario de Teo D. Carlos Sebastián Lapido Alonso, con data do 9 de abril de 2014, que se menciona na páxina 1 do proxecto achegado. Dita escritura foi presentada posteriormente.

Con data do 25/06/2015, a arquitecta municipal emite o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización dos traballos expostos na documentación presentada. No mesmo, lémbrales aos interesados que, segundo o artigo 13.2 da redacción actual do texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, os titulares de dereitos de titularidade catastral están suxeitos á obriga de formalizar as declaracións conducentes á incorporación no Catastro dos inmobles e das súas alteracións.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación e agrupación de fincas, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 03/06/2015). Polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

**CONCEDER**, a **Hnos. xxxxx, Santiago xxxxx e M<sup>a</sup> del Carmen xxxxx**, a **“licenza municipal”**, para a **segregación e agrupación de fincas en unidade de acto**, sitas no

lugar de Deseiro de Abaixo, na parroquia da Sergude, e emprazadas urbanísticamente en solo de núcleo rural común, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. do expediente: 15/1070
02. Promotores da licenza: MARÍA, MARÍA ESTHER, MANUEL  
SANTIAGO xxxxx  
MARÍA xxxxx
03. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN
04. Tipo licenza: SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE FINCAS EN UNIDADE DE ACTO
05. Situación e emprazamento: DESEIRO DE ABAIXO – SERGUDE
06. Técnico autor do proxecto: JUAN CARLOS VILARIÑO SANTOS. Enx. Técnico Agrícola

### **Descrición das parcelas iniciais, e das parcelas resultantes**

#### **1.- PARCELAS INICIAIS:**

- **Parcela 1:** “Corga”. Resto de parcela número 465 da zona de Concentración Parcelaria de San Verísimo de Sergude, Concello de Boqueixón. Labradío ao sitio de Corga, cunha superficie de dous mil seiscientos vintenove metros con setenta e seis decímetros cadrados (2.629,76 m<sup>2</sup>). Linda: Norte, con camiño construído por Concentración Parcelaria e parcelas de Manuel xxxxx e as segregadas; Sur, coa parcela 465-1-B; Leste, parcela segregada e parcela 465-A e Oeste, parcela segregada, José xxxxx e Juan xxxxx.

Inscrita no Rexistro da propiedade nº 1 de Santiago de Compostela, Tomo 661, libro 51, folio 230, finca número 7.490.

Identifícase con parte da referencia catastral 15012C505004650000DI.

- **Parcela 2:** Parcela procedente da finca número 465 da zona de Concentración Parcelaria de San Verísimo de Sergude. Terreo a labradío ao sitio de Corga, da extensión de novecentos cincuenta e oito metros cadrados (958 m<sup>2</sup>). Linda: Norte, en °liña de vinteoito metros, con camiño construído por Concentración Parcelaria; Sur e Leste, con Clemente xxxxx e Manuela xxxxx; e Oeste, con José xxxxx(463-A e 463-B) e Marcelino xxxxx e outros (464). Identificada coa referencia catastral 15012C505009230000DA. Nesta finca figura unha vivenda unifamiliar que consta de: Planta baixa, destinada a garaxe e bodega, cunha superficie de 131,00 m<sup>2</sup> construídos; Planta primeira, destinada a vivenda, cunha superficie de 131,00 m<sup>2</sup> construídos e Planta baixo cuberta, destinada a vivenda, cunha superficie de 60 m<sup>2</sup> construídos, o que fai un total de 322 m<sup>2</sup> construídos. Ocupa un total de terreo de 131,00 m<sup>2</sup> e linda por tódolos seus ventos coa finca onde se atopa ubicada. Esta vivenda identifícase coa referencia catastral 001305900NH44A0001PE.

Inscrita no Rexistro da propiedade nº 1 de Santiago de Compostela, Tomo 943, libro 69, folio 90, finca número 9.885.

#### **2.- SEGREGACIÓN DA PARCELA 1 INICIAL ( 2.629,76 m<sup>2</sup>):**



- Parcela segregada 1-a: porción de terreo segregado polo Suroeste da Parcela 1 inicial (resto da parcela nº 465 no proxecto), cunha superficie de setecentos once metros cadrados (711,00 m<sup>2</sup>).
- Resto da parcela 1 matriz: Queda cunha extensión superficial de mil novecentos dezaioito con setenta e seis metros cadrados ( 1.918,76 m<sup>2</sup>).

### **3.- AGRUPACIÓN DE PARCELAS:**

- Agrupación da Parcela segregada 1-a, de 711,00 m<sup>2</sup> + parcela 2 inicial, de 958,00 m<sup>2</sup>, resultando unha parcela de 1.669,00 m<sup>2</sup>.

### **4.- PARCELAS RESULTANTES FINAIS:**

#### **Parcela A:**

Resultante da agrupación da Parcela segregada 1-a coa Parcela 2 inicial.

Parcela procedente da finca nº 465 da zona de Concentración Parcelaria de San Verísimo de Sergude. Terreo a labradío ao sitio de Corga. Ten unha extensión superficial de **1.669,00 m<sup>2</sup>**. Linda: Norte, en liña de vinteoito metros, con camiño construído por Concentración Parcelaria; Sur, con parcela segregada de Manuel xxxxx e Soledad xxxxx; Leste, con finca matriz de Clemente-xxxxx e Manuela xxxxx; e Oeste, con José xxxxx (463-A e 463-B) e Marcelino xxxxx e outros (464).

Nesta parcela figura unha vivenda unifamiliar, que consta de: Planta baixa, destinada a garaxe e bodega, dunha superficie de 131,00 m<sup>2</sup> construídos; Planta primeira, destinada a vivenda, dunha superficie de 131,00 m<sup>2</sup> construídos e Planta baixo cuberta, destinada a vivenda, dunha superficie de 60 m<sup>2</sup> construídos, o que fai un total de 322 metros cadrados construídos. Ocupa un total de terreno de 131,00 m<sup>2</sup> e linda por tódolos seus ventos coa finca onde se encontra ubicada, descrita anteriormente.

#### **Parcela B:**

Resto de parcela 1 matriz:

Resto de parcela número 465 da zona de Concentración Parcelaria de San Verísimo de Sergude, Concello de Boqueixón. Labradío ao sitio de Corga, cunha extensión superficial de **1.918,76 m<sup>2</sup>**. Linda: Norte, con camiño construído por Concentración Parcelaria e parcelas segregadas, hoxe estrada e parcela segregada de Construcións e Promocións xxxxx, S.L.; Sur, coa parcela 465-1-B de Manuel xxxxx e Soledad xxxxx; Leste, parcela segregada e parcela 465-A, hoxe parcelas segregadas de Construcións e Promocións xxxxx, S.L. e Manuel xxxxx e Soledad xxxxx; e Oeste, parcelas segregadas.

### **13. - Expedientes de reposición de legalidade urbanística**

#### **a) Inicio de expediente de reposición de legalidade urbanística,**

**Exptes.: 12/2423 – 12/2473 – 15/1209**

ANTECEDENTES

Con data do 15/10/2012, con rexistro de entrada 12/2423, por G.P.S de Gestión S.A, con domicilio en C/Cristóbal Bordiú, 33; ESC D – 1º (28003 – Madrid), representada por Miguel xxxxxx, preséntase unha denuncia por realizar obras de peche, con muro de ladrillo, e colocación de portalón metálico, nas prazas de garaxe números xxxxx, sitas no xxxxx, de Residencial O Forno (Vilar – Lestedo).

Con data do 16/10/2012, polo alcalde do Concello de Boqueixón, ponse de manifesto á parte demandada, do contido da denuncia, en base ao artigo 69.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, e do Procedemento Administrativo Común. Tamén se lle ordena a paralización inmediata das obras que se están levando a cabo.

Con data do 22/10/2012, por Mª del Pilar xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, en representación de xxxxx, S.L., presenta solicitude de licenza municipal de obras, sen aportar mais documentación.

Con data do 14/12/2012, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico favorable condicional, en base á solicitude de licenza municipal de obras, e que literalmente di: *“Deberase achegar a seguinte documentación: Autorización da Comunidade de Propietarios do edificio, en cumprimento da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal, modificada posteriormente. Proxecto para cambio de uso, xustificando o cumprimento da normativa vixente (CTE). Así mesmo, deberase xustificar que todas as instalacións esixibles (ventilación, iluminación, protección contra incendios...) cumpren a normativa de aplicación, e que son independentes das redes comúns do edificio”*.

Con data do 14/12/2012, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, tamén se emite un informe técnico, con relación á denuncia presentada por xxxxx S.A, e que basicamente di o seguinte:

- a) Que se realizou visita de comprobación con data do 26/10/2012.
- b) Que xxxxxxx, executou na finca sita no xxxxx do edificio residencial O Forno, Vilar, Lestedo, Boqueixón, unha obra de peche mediante muro de fábrica, da superficie delimitada por 4 prazas de garaxe e zonas comúns intermedias.
- c) Que xxxxx., colocou unha porta de acceso, de dimensións aproximadas de 1,60x2,00m.
- d) Debido ás dimensións da porta de acceso, dedúcese que o uso do espazo interior xerado non vai a ser para aparcamento de 4 vehículos. Así mesmo, obsérvase que non se modificou a instalación de ventilación do garaxe colectivo, polo que unha parte de dita instalación estaría no interior do cerramento. Ao non ter acceso ao interior do cerramento, non se puido comprobar si ocorre o mesmo con mais instalacións comúns (iluminación, protección contra incendios ...).

Ademais pódese constatar o seguinte:

- e) As obras están aparentemente rematadas.
- f) As obras foron executadas sen a preceptiva licenza municipal.
- g) Segundo o informe técnico, que consta no expediente, as obras serían legalizables, sempre e cando se obteña a autorización da comunidade de propietarios do edificio, en cumprimento da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de Propiedade Horizontal, modificada posteriormente, e se presente o proxecto de cambio de uso, xustificando o cumprimento da normativa vixente (CTE). Así mesmo deberase xustificar que todas as instalacións esixibles (ventilación, iluminación, protección contra incendios...) cumpren coa normativa de aplicación, e que son independentes das redes comúns do edificio.

- h) Con data do 07/01/2013, con rexistro de saída 13/017, de data do 09/01/2013, polo alcalde do Concello de Boqueixón, púxose en coñecemento da promotora, o contido do informe técnico, para proceder á posible legalización das obras executadas.
- i) Con data do 07/01/2013, con rexistro de saída 13/017, de data do 09/01/2013, polo alcalde do Concello de Boqueixón, púxose en coñecemento do denunciante o contido do informe técnico, polo que a promotora podería proceder á posible legalización das obras executadas.
- j) Con data do 04/12/2013, con rexistro de saída 13/1168, polo alcalde do Concello de Boqueixón, requíreselle á promotora das obras (que con esta data non había presentado a documentación necesaria para a posible legalización das obras executadas), que presente a documentación esixida para continuar coa tramitación do expediente.
- k) Pese ó manifestado por María xxxxx, en representación de xxxxx S.L., mediante escrito con Rexistro de Entrada 14/149, de 28 de xaneiro de 2014, non se acredita que a comunidade de propietarios acordara permitir a realización das obras referidas, así mesmo, no propio escrito reconece á solicitude da licenza municipal de obras, pero a promotora segue facendo caso omiso dos requirimento municipais, e non presenta a documentación necesaria para a posible legalización das obras executadas.
- l) Con data do 28/11/2014, con rexistro de saída 14/1064, pola alcaldía do Concello de Boqueixón, requíreselle á promotora das obras, para que nun prazo máximo, improrrogable de 30 días, presente a documentación requirida, e advírteselle que de non presentar a dita documentación, procederase ao inicio dun expediente de reposición da legalidade urbanística, en aplicación aos artigos 208, 209 e 210 (segundo corresponda ao caso), da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Con data do 15/06/2015, con rexistro de entrada 15/1209, de data do 19/06/2015, por D. Carlos xxxxx, como presidente da Comunidade RESIDENCIAL O FORNO II Bloques III; VILAR, LESTEDO – BOQUEIXÓN, preséntase un escrito que básicamente di:

- Que a Comunidade de propietarios, decide en xunta de propietarios, denunciar ante o concello, que no garaxe do edificio residencial O Forno II, Bloque III, existe un cerramento das prazas de garaxe, propiedade de xxxxx S.L., mediante o cal se cambiou o uso ao que se destinan os ditos elementos.
- Que o dito cerramento, executouse deixando en medio sistemas e instalación comunitarias, como o sistema de detención de gases e fumes, que impide realizar as labores de mantemento do dito sistema.
- Da mesma forma coas instalacións de electricidade, xa que unha parte da instalación comunitaria, quedou dentro do dito cerramento, sen poder constatar como se serve a luz a dito local.
- A dita Comunidade de propietarios solicita ao concello que se informe de si o dito cerramento conta con licenza municipal, e de ser afirmativo, require copia do proxecto que serviu de base para a concesión desta.
- No caso de non existir licenza, solicita ao concello que inicie o correspondente expediente, paralizar o aproveitamento e o uso, con clausura do dito local de cerramento de prazas de garaxe, en tanto careza da mesma, polo prexuízo que a existencia do dito local nesas condicións, poida xerar na Comunidade.

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Con data do 2 de xullo de 2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un novo informe técnico, e que literalmente di:

*“Con data do 14 de decembro de 2012, a técnica que asina emitiu informe técnico sobre as actuacións denunciadas, a raíz dunha denuncia anterior presentada por D. Miguel xxxxx, en representación da empresa xxxxx., logo de realizar a correspondente visita de comprobación, á que corresponden as seguintes imaxes:*



*No citado informe indicábase que as actuacións realizadas eran legalizables, sempre e cando se presentase a seguinte documentación:*

- *Autorización da Comunidade de Propietarios do edificio, en cumprimento da redacción actual da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.*
- *Proxecto para cambio de uso, xustificando o cumprimento da normativa vixente (CTE). Así mesmo, deberase xustificar que todas as instalacións esixibles (ventilación, iluminación, protección contra incendios...) cumpren a normativa de aplicación, e que son independentes das redes comúns do edificio.*

*Comprobado o expediente, non consta que se presentara a documentación requirida.*

#### **NORMATIVA APLICABLE.**

*A día de hoxe, o Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 6 de febreiro de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e*

*Infraestructuras, ó abeiro da redacción vixente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante, LOUPMRG). A aprobación do PXOM (o anterior informe técnico redactouse sendo aínda vixentes as Normas Subsidiarias Municipais), non modifica o requirimento de documentación realizado no seu momento.*

### CONCLUSIÓN.

*Á vista do expediente existente, e da nova denuncia presentada, compróbase o seguinte:*

- 1º. Non se presentou a documentación requirida no informe técnico anterior.*
- 2º. As actuacións realizadas, xa rematadas no momento da emisión do informe técnico anterior, non sufriron modificación algunha, polo que considérase que son obras rematadas sen licenza, e será de aplicación o artigo 210 da LOUPMRG.*

*En todo caso, estarase ó que determine a Corporación Municipal.*

*Infórmase ós efectos oportunos.*

*Boqueixón, a 2 de xullo de 2015”*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- A lei de propiedade horizontal no seu artigo 7.2 establece que ao propietario do piso ou local non lle está permitido desenrolar nel ou no resto do inmovible actividades prohibidas nos estatutos, que resulten danosas ou que contraveñan as disposicións sobre actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

No artigo 9.1 regula as obrigas dos propietarios, e concretamente no apartado a) respectar as instalacións xerais da comunidade e demais elementos comúns, xa sexan de uso xeral ou privativo facendo un uso adecuado dos mesmos e evitando que se causen danos ou desperfectos.

2.- O artigo 17.6 da citada lei establece que os acordos non regulados expresamente neste artigo ( que se refire aos acordos da Xunta de propietarios), que impliquen a aprobación ou modificación das regras contidas no título constitutivo da propiedade horizontal ou nos **estatutos da comunidade**, requirirán para a súa validez a unanimidade do total dos propietarios que, a súa vez, representen o total das cotas de participación.

No apartado 7) deste mesmo artigo establece que para a validez dos demais acordos bastará o voto da maioría do total dos propietarios que a súa vez representen a maioría das cotas de participación. En segunda convocatoria serán válidos os acordos adoptados polo maioría dos asistentes, sempre que esta represente, a súa vez, máis da metade do valor das cotas dos presentes.

No apartado 9) establece que os acordos validamente adoptados de acordo co establecido neste artigo obrigan a todos os propietarios.

3.- O artigo 194.2 apartado a) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGPMRG en adelante), establece que están suxeitos a licenza previa municipal os actos de edificación que segundo a normativa xeral de ordenación da edificación precisen de proxecto de obras para a edificación.

4.- O artigo 2.2 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, establece que se consideran edificacións a efectos desta lei, e requirirán proxecto, entre outras, as intervencións en edificios existentes cando alteren a súa configuración arquitectónica.

5.- Os artigos 209 e seguintes da lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que establecen que cando se estivesen executando obras sen licenza ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde disporá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoa-lo expediente de reposición da legalidade.

Una vez presentada a primeira denuncia con data 15 de outubro de 2012, o concello con data 16 de outubro 2012 procedeu coa paralizou das obras que se estaban executando e posteriormente a propietaria solicitou a correspondente licenza á cal non acompaña a documentación preceptiva e que posteriormente foi solicitada polo concello. A esta data non se ten presentada a documentación solicitada

Non consta, así mesmo, o acordo da Xuta de propietarios da comunidade a cal, con data 15 de xuño 2015 ( rexistro entrada 19/06/2015) reitera a denuncia e solicita que se ordene o inicio do correspondente expediente.

Dado que as obras se realizaron sen a preceptiva licenza municipal e constatada a finalización destas obras sen a mesma, o alcalde, no prazo legalmente establecido de 6 anos, é o competente para incoar expediente de reposición da legalidade, no que se determinará se as obras son legalizables.

Visto todo o anterior, e comprobada a falta continuada da promotora das obras, de non presentar a documentación requirida polo concello, a Xunta de Goberno acorda:

**Primeiro.-** Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística, en relación coas obras realizadas no xxxxx do edificio O Forno, en Vilar, Lestedo, por parte de xxxxx S.L, consistentes na execución dun cerramento realizado mediante muro de fábrica, da superficie delimitada por 4 prazas de garaxe (números xxxxx), e a colocación dunha porta de acceso, de dimensións aproximadas de 1,60x2,00 metros.

**Segundo.-** Comunicar esta resolución ós interesados, indicándolle que, no prazo de 10 días hábiles, poderán formular as alegacións, e presentar os documentos e xustificacións que estimen convenientes.

#### **b) Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística**

**Expte.: 15/1124**

#### **ANTECEDENTES**

Con data do 10/06/2015 (registro de entrada 15/1124, de data do 11/06/2015), por D. Eduardo xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, preséntase un escrito que basicamente di:

*Que o seu veciño lindante, D. Ramón xxxxx, está levantando un peche de forxa completamente cego, enriba dun muro de contención.*

*A dita persoa, parece ter concedida unha licenza para a construción dun peche diáfano, sobre o muro de contención.*

*D, Eduardo xxxxx, solicita:*

*A paralización inmediata da construción do peche, e a volta á situación anterior a calquera obra feita, e todo isto, por non axustarse á autorización expedida polo concello.*

Comprobada a existencia de autorización do peche no concello, resulta o seguinte:

Por D. Ramón xxxxx, en base á Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competencia económica de Galicia, presentou polo réxime de comunicación previa, solicitude para a **instalación dunha reixa de ferro forxado aberto, sobre un muro existente**, que se empraza nunha finca da súa propiedade, identificada coa referencia catastral nº.: 15012A511000970000WF, sita no lugar de Ponteledesma, na parroquia de Ledesma, deste concello.

A presentación desta solicitude, tivo entrada nas dependencias municipais, con data do 04/12/2014, con rexistro de entrada nº.: 14/2226, e segundo o informe técnico, que emite María Carmen Novoa Sío (arquitecta, dos servizos técnicos municipais), con data do 09/12/2014, a documentación presentada é a seguinte:

- Impreso de comunicación previa de obras, asinado polo solicitante
- Datos identificativos do solicitante
- Xustificante de pagamento das taxas municipais
- Memoria descritiva das actuacións, que consisten na instalación dun peche diáfano, mediante reixa metálica, sobre muro existente. O orzamento de execución material das actuacións é de 4.084,77 €.
- Plano de situación con respecto ás NNSS.
- Reportaxe fotográfica do estado actual da zona
- Autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas

No informe técnico, ademais faise constar o seguinte:

- En cumprimento do artigo 194 da redacción actual da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUPMRG), considérase que a documentación está completa
- As condicións establecidas no informe do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, serán de obrigado cumprimento
- De acordo co citado artigo 194 da LOUPMRG, “a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se entrega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada

#### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

Con data do 13 de xuño de 2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, en base á denuncia presentada por D. Eduardo xxxxx, e con relación ás obras executadas por D. Ramón xxxxx, emite o informe técnico, e que a continuación se transcribe:

##### *“Antecedentes*

*Con data do 11 de xuño de 2015, e rexistro de entrada nº15/1124, achégase escrito de denuncia en relación a execución dun peche de forxa cego, sobre un muro de contención existente.*

*Segundo consulta catastral realizada, as actuacións denunciadas localízanse no lugar da xxxxx, parroquia de Ledesma, no lindeiro común entre a parcela 97 do polígono 511 (referencia 15012A511000970000WF), propiedade do denunciado D. Ramón xxxxx, e a parcela lindeira polo noreste, de referencia 001501200NH53G.*






### ***Visita de comprobación***

*Con data do 2 de xullo de 2014, a técnica que asina realizou visita ó lugar, na que se comprobou que foi executado un peche metálico opaco, de 1,60m de altura (agás no punto máis próximo á estrada AC-260, que ten unha altura de 0,80m).*

*O peche localízase sobre un muro de contención existente, realizado en formigón armado. Á vista da reportaxe fotográfica seguinte, a técnica que asina considera que as obras están rematadas.*





### ***Normativa aplicable.***

*1. Con data do 4 de decembro de 2014 e rexistro de entrada nº14/2226, o denunciado presentou unha comunicación previa de obras, para a instalación dun peche diáfano, mediante reixa metálica, sobre un muro existente. Así mesmo, achegouse autorización do Servizo de Estradas da CMATII, para ditas actuacións.*

*2. Á vista da visita realizada, compróbase que as actuacións executadas non coinciden coa devandita comunicación, e que as mesmas están rematadas, a día de hoxe. En consecuencia, será de aplicación o artigo 210, sobre obras rematadas sen licenza, da redacción actual da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo que deberase incoar expediente de reposición da legalidade.*

*Infórmase ós efectos oportunos.”*

As obras executadas, defiren da documentación presentada polo réxime de comunicación previa, xa que solicitábase instalar un **peche aberto (diáfano)**, cunha altura total de 1,80 metros, excepto nos últimos 5,50 metros, cara a estrada AC-260, onde baixaría a dita altura ata 1,00 metros, tal como así se detallaba na memoria descritiva das actuacións presentada coa comunicación previa das obras. Para esta finalidade, daquela solicitouse o correspondente e preceptivo informe á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a cal, con data 16 novembro 2014, resolveu outorgar autorización a D. Ramón xxxxx, para a execución das obras coas condicións xerais e particulares que na referida resolución se indican.

Sen embargo na realidade executouse un **peche opaco** (cego), cunha altura total de 1,60 metros, agás no punto máis próximo á estrada AC-260, que alcanza unha altura de 0,80 metros. Por isto, tendo en conta que estas obras executadas, poderían ser legalizables co Plan Xeral de Ordenación Municipal, agora vixente, e de optar por esta solución o Sr. xxxxx, sería necesario solicitar novamente informe á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en canto a súa competencia. Pola contra, no caso de non proceder coa legalización, manterase o informe xa emitido con data do 16 de novembro de 2014, polo que deberá proceder coa reposición das obras executadas, á solicitude orixinal presentada.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

1. O artigo 210, establece que si se houberen finalizado as obras sen licenza o sen comunicación previa, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas, o en orden de execución, a persoa titular da alcaldía, dentro do prazo de seis anos, a contar dende a total terminación das obras, incoará expediente de reposición de la legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior. Tomarase como data de finalización das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola Administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.

2.- Os números 3, 4, 5 e 6 do artigo 209, establecen:

209.3 - Instruído o expediente de reposición da legalidade, e previa audiencia das persoas interesadas, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a costa da persoa interesada e procederase a impedir

definitivamente os usos aos que deran lugar ou, no seu caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Si as obras fosen legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase á persoa interesada para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa, manténdose a suspensión das obras en tanto non se outorgue licenza ou non se presente a comunicación previa.

c) Si as obras no se axustan ás condicións sinaladas na licenza, comunicación previa ou orden de execución, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.

209.4 - O procedemento a que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo de un ano a contar desde a data do acordo de iniciación.

209.5 - Si transcorrido el prazo de tres meses desde el requirimento ó interesado non solicitara a oportuna licenza ou, no seu caso, non axustara as obras ás condicións sinaladas na mesma ou na orden de execución, o Alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos aos que deran lugar. De igual modo procederase no suposto de que a licenza fose denegada por ser o seu outorgamento contrario á legalidade.

209.6 - No caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración Municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

Vistos os antecedentes expostos, o informe técnico, e as consideracións xurídicas, que determinan que as obras están finalizadas, e sen axustarse ao réxime de comunicación previa presentada, a Xunta de Goberno acorda:

**Primeiro.-** Iniciar o expediente de reposición da legalidade urbanística, pola execución e finalización de obras, que non se axustan á documentación presentada, consistentes na instalación dun peche metálico opaco (sobre un muro de contención existente), de 1,60 metros de altura (agás no punto máis próximo á estrada AC-260, que ten unha altura de 0,80 metros).

**Segundo.-** Comunicar este acordo ós interesados, indicándolle que, no prazo de 10 días hábiles, poderán formular as alegacións, e presentar os documentos e xustificacións que estimen convenientes.

### **c) Incoación expediente de reposición da legalidade urbanística**

**Expte.: 15/1054, de data do 2 de xuño de 2015 – Denuncia urbanística**

#### **ANTECEDENTES**

Con data do 2 de xuño de 2015, con rexistro de entrada nº: 15/1054, por DOÑA ISAURA xxxxx, foi presentada unha denuncia polo seguintes motivos:

1º.- Obras en execución, nunha finca identificada coa referencia catastral número 15012A506004650000WM, consistentes, no que parece ser, un peche de parcela,

colocando uns postes metálicos, tomados con formigón na súa base, previsiblemente para a colocación dunha malla metálica, que poderían no cumprir o recuamento co camiño público que fixa o planeamento vixente.

Entende a expoñente, que parte das obras acometidas están executándose sobre un resto da finca matriz nº 462, e parte dun camiño da concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo, e que dita finca no seu día foi segregada pola execución do camiño existente, non coincidindo o trazado executado, co que se reflicte nos planos definitivos da dita concentración, restando unha porción de terreo que linda coa parcela 465 da mesma concentración, e que non é propiedade da persoa que está executando as obras.

Tamén se executou un muro de contención de terras, e un portal de acceso á finca.

2º.- Obras en execución nunha finca identificada coa referencia catastral número 15012B516006480000LF, consistentes na rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar, sen que conste que as mesmas se realizaran mediante a correspondente licenza municipal. As obras está practicamente rematadas, e realizouse unha considerable alteración da topografía da finca. Axúntanse fotos do estado actual das obras, e ortofotos do ano 2010 e 2012, onde se aprecia o estado previo e o inicio das obras acometidas.

Vistos os puntos anteriores, a denunciante SOLICITA:

A inmediata paralización das obras, e no caso de que se comprobe que poidan constituír unha infracción urbanística, se abra o procedemento sancionador relativo as mesmas, reservándose por parte da que subscribe, a condición de interesada nos ditos procedementos, por ser lindante cos inmobles onde se acometeron as ditas obras, solicitando ademais que se me comunique cada unha das actuacións que se leven a cabo. Apórtanse copia do DNI, e copia das escrituras de propiedade da finca lindante coas parcelas nas que se acometeron as obras.

Comprobado por este concello, as fincas obxecto desta denuncia, figuran no catastro a nome de Alfonso xxxxx, sen NIF que o identifique, e con domicilio fiscal no lugar de Lestedo, na parroquia de Lestedo (15881 – Boqueixón - A Coruña), así como tamén se comproba que non existe ningunha licenza municipal de obras, nin solicitude da mesma, a nome da propiedade das ditas parcelas (sobre as que se sitúan as obras denunciadas), e debido o cal poderían estar executándose sen a correspondente licenza municipal;

Con data do 10 de xuño de 2015, con rexistro de saída nº 15/499, procedeuse por este concello, a poñer en coñecemento de D. Alfonso xxxxx, o contido da denuncia presentada, así como dábaselle un prazo de 15 días, para que alegara o que estimara oportuno, sendo devolto o dito trámite, polo servizo de correos, xustificando como *ausente reparto, e deixándolle o correspondente aviso na caixa de correo*. Ao mesmo tempo, con data do 11/06/2015, con rexistro de saída 15/0506, de data do 12/06/2015, púxose en coñecemento da denunciante, o trámite anterior levado a cabo polo concello.

Que con data do 9 de xullo de 2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un informe técnico, en base á denuncia presentada, e que literalmente di:

*Quen asina, D<sup>a</sup>. María Carmen Novoa Sío, arquitecta da empresa Estudio Técnico Gallego, S. A., encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); cumprindo coa providencia da Alcaldía, en relación coa denuncia presentada por D<sup>a</sup>. Isaura xxxxx, emite o seguinte:*



## INFORME TÉCNICO

### ANTECEDENTES


Con data do 2 de xuño de 2015, e rexistro de entrada nº15/1054, achégase escrito de denuncia en relación a diversas actuacións que se están executando, sen licenza municipal, nas fincas con referencias catastrais 15012A506004650000WM e 15012B516006480000LF, propiedade ambas de D. Alfonso xxxxx, segundo consulta realizada.



Segundo o escrito presentado, as actuacións en execución que se denuncian son as seguintes:

- Na finca **465** do polígono 506 (referencia 15012A506004650000WM):
  - o Peche de finca, consistente en “una serie de postes metálicos tomados con hormigón en su base, [...] dichos postes entendemos servirán de apoyo a una malla metálica con el único fin de cerrar dicha parcela en contacto con vía pública con la que linda por su viento oeste”.
  - o “Muro de contención de tierras además de un portal de acceso a dicha finca en la parte más al noreste de la misma, también en contacto con vía pública”.
- Na finca **648** do polígono 516 (referencia 15012B516006480000LF):
  - o Obras de “rehabilitación y ampliación de vivienda unifamiliar sobre dicha parcela [...]. Dichas obras están prácticamente rematadas y consistieron en la rehabilitación y considerable aumento de volumen, tanto en planta como en altura, de la edificación primitiva que se encontraba hasta hace poco en estado ruinoso”.
  - o “Considerable alteración de la topografía de la finca en donde se enclava dicho inmueble”.

Xunto co escrito de denuncia achégase o seguinte plano, correspondente ó acordo da concentración parcelaria de Lestedo II:



### **VISITA DE COMPROBACIÓN**

Con data do 2 de xullo de 2014, a técnica que asina realizou visita ó lugar, na que se comprobou o seguinte, con respecto as actuacións denunciadas:

1º. Colocouse unha fileira de postes metálicos, separados entre si unha distancia de 2m, a modo de peche, no lindeiro oeste da finca 465, a unha distancia aproximada de 2m ó eixe do camiño.








2º Executouse un muro de contención de terras, rematado en cachotería de granito, a modo de peche, no lindeiro leste da finca 465, a unha distancia de 5m do eixe da vía pública, e cunha altura variable. Así mesmo, colocáronse dous portais metálicos de acceso á finca.







3º. *Realizáronse actuacións de rehabilitación e de ampliación volumétrica dunha edificación de tipoloxía tradicional existente. A edificación localízase na parcela 648.*



*Estado orixinal*



*Estado actual*



*Ano 2004*



*Ano 2010*

4º. *Realizáronse obras de urbanización interior da parcela, consistentes nun muro de contención de terras de 45m de lonxitude e altura variable, das mesmas características que o muro do lindeiro leste (punto 2º); así mesmo, realizáronse diversos muretes de escasa altura, e nivelouse e pavimentouse unha parte da para zona entre o portal de acceso e a vivenda, para o que foi necesario realizar unha rampla, debido á diferenza de cotas. Estas actuacións de urbanización localízanse en ambas parcelas (465 e 648).*



Así mesmo, realizouse un muro de peche no lindeiro norte da finca 648, coas fincas 465 e 646, consistente en dúas fileiras de fábrica de bloque de formigón, sen revestir, e postes e malla metálicos de cor verde, ata unha altura total de 1,5m (está sen rematar por zonas); así mesmo, colocouse un portal metálico para acceso da finca ó camiño sinalado no punto 1°.




### ***NORMATIVA APLICABLE.***

*A día de hoxe, o Concello de Boqueixón conta para a súa ordenación urbanística con Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 6 de febreiro de 2015, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e*



Infraestruturas, ó abeiro da redacción vixente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante, LOUPMRG).

Segundo os planos de clasificación C-12, e o plano de ordenación do núcleo de Lestedo (08.04), as actuacións realizadas localízanse sobre SOLO DE NÚCLEO RURAL, ordenanza de núcleo común (grao 2).



*Realizada consulta nos arquivos municipais, non consta que o propietario iniciase ningún expediente urbanístico (ben sexa por comunicación previa, ou mediante licenza). En consecuencia, será de aplicación o artigo 209 da LOUPMRG, sobre obras sen licenza ou sen comunicación previa en curso de execución, polo que deberase incoar expediente de reposición da legalidade.*

*No que atinxe ó peche diáfano descrito no punto 1º do capítulo anterior, compre dicir que non cumpre coa aliñación establecida no PXOM, que é de 4m ó eixe, polo que non resulta legalizable. No que atinxe ó resto das actuacións, poden ser parcialmente legalizables.*

*Infórmase ós efectos oportunos.  
Boqueixón, a 9 de xullo de 2015*

Con data do 17/07/2015, con rexistro de saída 15/639, de data do 20/07/2015, pola Alcaldía do Concello de Boqueixón, procédese a ditar a inmediata paralización das obras, en base ao contido do informe técnico, de data do 09/07/2015, emitido pola arquitecta municipal. Ao mesmo tempo, con data do 21/07/2015, con rexistro de saída 15/661, púxose en coñecemento da denunciante, o trámite da paralización de obras, levado a cabo polo concello.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- O artigo 194.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGPMRG en adiante), establece que están suxeitos a licenza previa municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os actos de edificación e uso do solo e subsolo, tales como os movementos de terra, as obras de nova planta, a modificación da estrutura ou aspecto exterior das edificación existentes, os cerramentos e valados de predios e os demais indicados no citado artigo ou que se sinalen regulamentariamente e que segundo a normativa xeral de ordenación da edificación precisen de proxecto de obras para a edificación.

2.-O artigo 195 no último parágrafo do apartado 3 establece que en ningún caso se entenderán como obras menores, entre outras, os muros de contención, polo que é necesario a presentación do correspondente proxecto técnico.

3.- Os artigos 209 e seguintes, da lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establecen que cando se estivesen executando obras sen licenza, ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde disporá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoa-lo expediente de reposición da legalidade.

Instruído o expediente de reposición da legalidade, se as obras non fosen legalizables, acordarase a súa demolición a custa do interesado. Se as obras fosen legalizables, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses, presente a solicitude da oportuna licenza.

O procedemento deberá resolverse no prazo de un ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

Dado que as obras se realizaron sen a preceptiva licenza municipal, o alcalde, no prazo legalmente establecido de 6 anos, é o competente para incoar expediente de reposición da legalidade, no que se determinará se as obras son legalizables.

Visto todo o anterior, e **comprobada a falta da licenza municipal** das obras executadas, ou en execución, a Xunta de Goberno acorda:

**Primeiro.-** Iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística, polos seguinte feitos:

a).- pola execución de obras na finca, identificada coa referencia catastral número 15012B516006480000LF, consistentes na execución de actuacións de rehabilitación e de ampliación volumétrica dunha edificación de tipoloxía tradicional existente; de execución de obras de urbanización interior da parcela, consistentes nun muro de contención de terras, de 45 metros de lonxitude, e altura variable; así como a execución de diversos muretes de escasa altura; pavimentación dunha zona entre o portal de acceso, e a vivenda; construción dun muro no lindeiro, coas fincas 465 e 466, consistentes en dúas fileiras de fábrica de bloque de formigón, sen revestir, e postes e malla metálicos de cor verde, ata unha altura total de 1,50 metros (está sen rematar por zonas); e así mesmo, colocouse un portal metálico, para acceso da finca ó camiño público existente.

b).- pola execución de obras na finca, identificada coa referencia catastral número 15012A506004650000WM, consistentes na colocación dunha fileira de postes metálicos, separados entre si a unha distancia de 2 metros, a modo de peche, no lindeiro oeste da finca 465, a unha distancia aproximadamente de 2 metros á eixe do camiño. Tamén se executou un muro de contención de terras, rematado en cachotería de granito, a modo de peche, no lindeiro leste, da finca 465, e a unha distancia de 5 metros do eixe da vía pública, e cunha altura variable. Tamén se colocaron dous portais metálicos de acceso á finca.

**Segundo.-** Comunicar este acordo ós interesados, indicándolle que, no prazo de 10 días hábiles, poderán formular as alegacións, e presentar os documentos e xustificacións que estimen convenientes.

O que se lle comunica, para o seu coñecemento, e aos efectos oportunos.

#### **14. - Aprobación de factura do acondicionamento de cuberta e interiores na Casa de Cultura de Camporrapado “Subvención Deputación 2015”**

Con data 7 de xullo de 2015, comunicóuselle á empresa Oviga, SL a adxudicación da obra de acondicionamento de cuberta e interiores na Casa de Cultura de Camporrapado por importe de 4.294,04 euros e segundo o presuposto aceptado para a contratación da dita obra.

Con data 31 de xullo de 2015, tivo entrada no rexistro municipal a factura pola realización dos traballos incluídos na dita obra e que se corresponden co presuposto que a empresa presentou con data 2 de xullo de 2015.

Ó ser preciso xustificar dito gasto á Deputación da Coruña para que realicen o ingreso da axuda concedida para o efecto, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. EO0120/15 emitida por Oviga, SL polo concepto de acondicionamento de cuberta e interiores na Casa da Cultura de Camporrapado por importe de 4.294,04 euros.

Facer o pagamento desta factura con cargo á subvención concedida pola Deputación da Coruña.

#### **15. - Aprobación dos convenios de abastecemento de auga ós lugares de Marrozos e Lavacolla**

Con data 7 de xullo, enviouse un escrito ó Concello de Santiago onde se lle comunicaba a finalización dos convenios asinados para o subministro de auga potable ós lugares de Marrozos e Lavacolla. A data de finalización era o 20 de xullo.

Con data 29 de xullo, recíbese a resolución do Concello de Santiago donde se prorrogan os convenios de colaboración modificando o prezo de venda que pasará a ser de 0.3288 €/m<sup>3</sup>. A vixencia do contrato será de 5 anos.

Polo tanto, á vista destes datos, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar os seguintes convenios que a continuación se transcriben literalmente:

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2015

### **COMPARECEN:**

D. OVIDIO RODEIRO TATO, Alcalde – Presidente do Concello de Boqueixón

D. MARTIÑO NORIEGA SANCHEZ, Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela

Ambas partes teñen e recoñecen ter capacidade legal para formalizar o presente Convenio e, na súa virtude,

### **EXPOÑEN:**

1. Que o Concello de Boqueixón xestiona de forma indirecta, en forma de concesión, o abastecemento de auga potable da estación de tratamento no lugar de Orto, sendo adxudicataria da mesma a empresa Espina y Delfín, S.L.
2. Que a citada estación de tratamento de auga potable ten unha capacidade de tratamento de 30 litros/seg., 2.592 m<sup>3</sup>/día estimándose que a poboación máxima que pode abastecer a planta é duns 11.700 habitantes con un consumo medio de 220 litros/habitante/día.
3. Que o número total de habitantes do Concello de Boqueixón é de 4.400 e o actual número de conexións ao abastecemento é de 1.046.
4. Que a zona de Marrozos, limítrofe con Boqueixón, non dispón de abastecemento de auga municipal, servizo sen embargo necesario para este núcleo de poboación do Concello de Santiago de Compostela.
5. Que o abastecemento de auga do Concello de Boqueixón é un servizo custoso en función do número de usuarios de que dispón e o Concello de Santiago de Compostela, está interesado en compartir este servizo e colaborar proporcionalmente no seu custo.
6. Que o artigo 81 da Lei de administración local de Galicia (Lei 5/1997) establece como servizo mínimo que deberá prestarse en tódolos municipios, o de abastecemento domiciliario de auga potable, que se prestará por cada municipio individualmente ou asociándose.
7. Que a Lei 30/1992, L.R.X.A.P. e P.A.C nos seus artigos 4 e 6 prevé a colaboración entre as administracións públicas, no exercicio das súas competencias e a través de convenios de colaboración.
8. Que o artigo 4 da lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público, establece no seu apartado 1.c) a inclusión deste tipo de convenios de colaboración no seu ámbito de aplicación.

Polo exposto, ambos Concellos acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

### **CLÁUSULAS:**

#### **1ª.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto regular o abastecemento de auga ó Lugar de Marrozos no Concello de Santiago de Compostela.

#### **2º.- DESENVOLVEMENTO**

A viabilidade do mencionado abastecemento queda fundamentada no proxecto e informes técnicos correspondentes.

#### **3º.- VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa firma e terá unha duración de 5 anos, que poderá ser prorrogada por acordo expreso de ambas partes sempre que o obxecto inicial do presente Convenio así o aconselle.

#### **4º.- OBRIGAS DAS PARTES**

Para o bo cumprimento dos obxectivos do presente convenio as partes comprométense a :

- a) A aportar cada Concello o persoal e infraestruturas que requira a correcta execución do presente convenio, dentro dos límites dos seus respectivos municipios.
- b) O Concello de Boqueixón, non poderá suspender, pola natureza do propio servizo, o subministro; en todo caso só poderá fundamentar en razóns de forza maior (avarías, escaseza de caudal, etc.) ou no incumprimento do convenio a interrupción do mesmo, non tendo o Concello de Santiago de Compostela dereito a reclamación algunha por este motivo.
- c) A forma de pago será mediante factura a trimestre vencido, na que se detallarán os metros cúbicos abastecidos e o prezo aplicado. O impago das facturas, fóra do período voluntario de 60 días, será razón suficiente para a interrupción do servizo. O prezo por m<sup>3</sup> de auga abastecido será de 0,3288 €/m<sup>3</sup> (máis IVE); este prezo será válido durante todo o ano 2015. Nas seguintes anualidades aplicaranse as tarifas que o Concello de Boqueixón acorde mediante a modificación plenaria da correspondente ordenanza.
- d) As facturacións realizaranse directamente pola concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable Espina y Delfín ou ben pola concesionaria que resulte adxudicataria no seu momento ou polo Concello de Boqueixón, no caso de que prestase o servizo directamente. Desta forma a concesionaria do Concello de Boqueixón xirará a factura correspondente ó trimestre vencido, unha vez efectuado o abastecemento de auga potable.
- e) O caudal máximo a subministrar á rede de abastecemento a Marrozos será de 7 ltr./seg.

#### **5.- EXTINCIÓN**

Será causa de extinción da relación obrigatoria o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que figuran no mesmo, así como o acordo expreso de ambas partes.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo.

## **6º.- XURISDICIÓN**

As partes someterán as diverxencias que puideran establecerse da interpretación do presente convenio por analogía ós principios do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP ou, no seu defecto, ós principios do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na interpretación das obrigas derivadas do presente convenio resolveranse por vía administrativa ou, no seu caso, mediante xurisdición contencioso-administrativa.

Unha vez lido o presente convenio e atopándose conforme asíñase por duplicado e a un so efecto no lugar e data arriba citados

POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
O Alcalde

POLO CONCELLO DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
O Alcalde

Asdo.: Ovidio Rodeiro Tato

Asdo.: Martiño Noriega Sánchez

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2015

### **COMPARECEN:**

D. OVIDIO RODEIRO TATO, Alcalde – Presidente do Concello de Boqueixón  
D. MARTIÑO NORIEGA SANCHEZ, Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela

Ambas partes teñen e recoñecen ter capacidade legal para formalizar o presente Convenio e, na súa virtude,

### **EXPOÑEN:**

1. Que o Concello de Boqueixón xestiona de forma indirecta, en forma de concesión, o abastecemento de auga potable da estación de tratamento no lugar de Orto, sendo adxudicataria da mesma a empresa Espina y Delfín, S.L.
2. Que a citada estación de tratamento de auga potable ten unha capacidade de tratamento de 30 litros/seg., 2.592 m<sup>3</sup>/día estimándose que a poboación máxima que pode abastecer a planta é duns 11.700 habitantes con un consumo medio de 220 litros/habitante/día.
3. Que o número total de habitantes do Concello de Boqueixón é de 4.400 e o actual número de conexións ao abastecemento é de 1.046.
4. Que a zona de Lavacolla, limítrofe con Boqueixón, non dispón de abastecemento de auga municipal, servizo sen embargo necesario para este núcleo de poboación do Concello de Santiago de Compostela.

5. Que o abastecemento de auga do Concello de Boqueixón é un servizo custoso en función do número de usuarios de que dispón e o Concello de Santiago de Compostela, está interesado en compartir este servizo e colaborar proporcionalmente no seu custo.
6. Que o artigo 81 da Lei de administración local de Galicia (Lei 5/1997) establece como servizo mínimo que deberá prestarse en tódolos municipios, o de abastecemento domiciliario de auga potable, que se prestará por cada municipio individualmente ou asociándose.
7. Que a Lei 30/1992, L.R.X.A.P. e P.A.C nos seus artigos 4 e 6 prevé a colaboración entre as administracións públicas, no exercicio das súas competencias e a través de convenios de colaboración.
8. Que o artigo 4 da lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público, establece no seu apartado 1.c) a inclusión deste tipo de convenios de colaboración no seu ámbito de aplicación.

Polo exposto, ambos Concellos acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

### **CLÁUSULAS:**

#### **1ª.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto regular o abastecemento de auga ó Lugar de Lavacolla no Concello de Santiago de Compostela.

#### **2º.- DESENVOLVEMENTO**

A viabilidade do mencionado abastecemento queda fundamentada no proxecto e informes técnicos correspondentes.

#### **3º.- VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa firma e terá unha duración de 5 anos, que poderá ser prorrogada por acordo expreso de ambas partes sempre que o obxecto inicial do presente Convenio así o aconselle.

#### **4º.- OBRIGAS DAS PARTES**

Para o bo cumprimento dos obxectivos do presente convenio as partes comprométense a :

- a) A Aportar cada Concello o persoal e infraestruturas que requira a correcta execución do presente convenio, dentro dos límites dos seus respectivos municipios.
- b) O Concello de Boqueixón, non poderá suspender, pola natureza do propio servizo, o subministro; en todo caso só poderá fundamentar en razóns de forza maior (avarías, escaseza de caudal, etc.) ou no incumprimento do convenio a interrupción do mesmo, non tendo o Concello de Santiago de Compostela dereito a reclamación algunha por este motivo.
- c) A forma de pago será mediante factura a trimestre vencido, na que se detallarán os metros cúbicos abastecidos e o prezo aplicado. O impago das facturas, fóra do período voluntario de 60 días, será razón suficiente para a interrupción do servizo. O prezo por m<sup>3</sup> de auga abastecido será de 0,3288 €/m<sup>3</sup> (máis IVE); este prezo será válido durante todo o ano 2015. Nas seguintes anualidades aplicaranse as tarifas



que o Concello de Boqueixón acorde mediante a modificación plenaria da correspondente ordenanza.

As facturacións realizaranse directamente pola concesionaria do servizo de abastecemento de auga potable Espina y Delfín ou ben pola concesionaria que resulte adxudicataria no seu momento ou polo Concello de Boqueixón, no caso de que prestase o servizo directamente. Desta forma a concesionaria do Concello de Boqueixón xirará a factura correspondente ó trimestre vencido, unha vez efectuado o abastecemento de auga potable.

- d) O caudal máximo a subministrar á rede de abastecemento a Lavacolla será de 7 ltr./seg.

## **5.- EXTINCIÓN**

Será causa de extinción da relación obrigatoria o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que figuran no mesmo, así como o acordo expreso de ambas partes.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo.

## **6º.- XURISDICIÓN**

As partes someterán as diverxencias que puideran establecerse da interpretación do presente convenio por analogía ós principios do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP ou, no seu defecto, ós principios do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na interpretación das obrigas derivadas do presente convenio resolveranse por vía administrativa ou, no seu caso, mediante xurisdición contencioso-administrativa.

Unha vez lido o presente convenio e atopándose conforme asíñase por duplicado e a un so efecto no lugar e data arriba citados

POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
O Alcalde

POLO CONCELLO DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
O Alcalde

Asdo.: Ovidio Rodeiro Tato

Asdo.: Martiño Noriega Sánchez

2 Comunicar este acordo ó Concello de Santiago, así como enviarlle copia asinada de cada un dos convenios.

3 Comunicar este acordo á empresa Espina y Delfin, SL que se encargará da xestión do servizo.

## **16. - Resolución do contrato de mantemento da aplicación informática para reporte de incidencias CITY4Boqueixón**

Con data 3 de xullo, enviouse un escrito para prorrogar o contrato do mantemento da aplicación informática CITY4Boqueixón, para reporte de incidencias dos servizos municipais.

Na comunicación especificábase que para facer efectiva a prórroga se esperaba a contestación por parte da empresa e a día de hoxe esta administración non ten ningún comunicado ó respecto. Segundo as conversas mantidas cun dos representantes da empresa, esta non ten actividade ó estar en concurso de acredores, polo que no caso de seguir co mantemento da aplicación teríase que facer a través doutra entidade, polo que xa se estaría falando doutro contrato distinto.

Polo tanto, á vista destes antecedentes e tendo que tomar unha decisión ó respecto, a Xunta de Goberno acorda:

Non prorrogar e dar por finalizado o contrato asinado coa empresa Elaboro, ingeniería del software, SL para o mantemento da aplicación informática para reporte de incidencias CITY4Boqueixón, ó non ter comunicación escrita por parte da empresa da súa aceptación de continuar co servizo.

## 17. - Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase anular a relación pendente de pago aprobada na Xunta de Goberno do 21 de maio e aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de **25.121,26 euros** e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR	ECON	IMPORTE
1	COMPOSTELA DIXITAL SL	MANTEMENTO INFORMÁTICO MES DE XULLO	920	21600	594,00 €
2	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO SA	ASISTENCIA TÉCNICO-URBANÍSTICA XULLO	151	22706	1.917,85 €
3	MONTAXES ELÉCTRICOS FERNÁNDEZ, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO XUÑO	165	21000	3.771,17 €
4	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO 981513000 (FAX) XUÑO	920	22200	49,07 €
5	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO CENTRALIÑA XUÑO	920	22200	478,30 €
6	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO 981502190 (GARDERÍA) XUÑO	920	22200	47,64 €
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO 981513434 (P.CIVIL) XUÑO	920	22200	29,75 €
8	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO 981513248 (CORREOS) XUÑO	920	22200	24,73 €
9	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO 981513189 (ALARMA) XUÑO	920	22200	41,59 €
10	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	CONSUMO MÓBILES 18/06-19/07	920	22200	212,20 €
11	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	SERVIZO SMS	920	22200	14,54 €
					<b>7.180,84 €</b>

Aprobación de facturas pendente de pago:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROG.	ECON.	IMPORTE
1	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	CAMISetas DESCENSO DO ULLA (ACTV. XUVENTUDE)	334	22609	910,53 €
2	ASCENSORES ENOR, S.A.	MANTEMENTO ASCENSORES MES DE AGOSTO	920	21300	76,23 €
3	AUTOELECTRICO SERGUDE SC	REPARACIÓN RADIADOR MOTOBOMBA	135	21300	529,63 €
		TALADRO PICADOR PARA VIAS E OBRAS	1532	22199	290,40 €
4	BENXAMÍN FERNÁNDEZ PENEDO	ACTUACIÓN MAGO BENXAMÍN	334	22609	438,02 €
5	BIOVITAL LIGHT SL	PRODUCTOS LIMPEZA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	920	21200	513,77 €
6	CIDE HCENERGÍA, S.A.	ALUMEADO PÚBLICO SEGÚN REXISTRO 15/1487	165	22100	769,25 €
7	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	RECOGIDA DE RESIDUOS Del 01/06/2015 al 30/06/2015	1623	21200	388,98 €
8	COMERCIAL MARBRE	PINTURAS E DISOLVENTE	1532	21200	278,91 €
9	DAVID FERNÁNDEZ NEIRA	ACTIVIDADE DE TIRO CON ARCO CAMPUS DEPORTIVO	341	22609	96,80 €
10	FOGA	MANTEMENTO FOTOCOPIADORAS MES DE AGOSTO	920	21300	420,63 €

11	GALLEGA DE SUM. IND. 2020 SL	MATERIAL LIMPEZA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	920	21200	220,57 €
12	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	207,88 €
13	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	93,70 €
14	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	80,63 €
15	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	188,76 €
16	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	30,02 €
17	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	40,76 €
18	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	42,35 €
19	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	12,50 €
20	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	54,56 €
21	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	52,82 €
22	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	127,84 €
23	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	238,89 €
24	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	33,90 €
25	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	110,32 €
26	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	265,06 €
27	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	24,90 €
28	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	30,06 €
29	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	81,53 €
30	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	29,90 €
31	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	3,18 €
32	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	40,20 €
33	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	93,19 €
34	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	50,40 €
35	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	591,15 €
36	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	41,47 €
37	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	105,49 €
38	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	44,37 €
39	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	23,18 €
40	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	80,77 €
41	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	181,40 €
42	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	22,53 €
43	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	15,26 €
44	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	98,12 €
45	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	382,90 €
46	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	406,00 €
47	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	642,91 €
48	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	1.169,65 €
49	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	97,16 €
50	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	154,98 €
51	HERMANOS VILLAR, S.L.	CAMBIAR ELECTROVÁLVULA E CALIBRAR EMBRAGUE	163	21300	387,54 €
52	JOSE MANUEL BARRIO PEREZ	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	342	22199	15,64 €
53	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	INSERCIÓN BANNER PUBLICITARIO	432	22602	121,00 €
54	LIDIA RILO RAMOS	LIQUIDACIÓN DE GASTOS PONENCIA CAMIÑO	920	23300	12,54 €
55	Mª ISABEL VÁZQUEZ CALVO	LIQUIDACIÓN DE GASTOS PONENCIA CAMIÑO	920	23300	12,54 €
56	MAREQUE GIADAS, MANUEL	COMIDAS CAMPUS DEPORTIVO	341	22609	638,00 €
57	PICCADILLY SCHOOL OF ENGLISH SL	CLASES DE INGLÉS MES DE XUÑO	334	22609	392,00 €
58	RAQUEL CARREGAL SALGUEIRO	LIQUIDACIÓN DE GASTOS PONENCIA CAMIÑO	920	23300	19,00 €
59	RIO BLANCO, S.L.	HIPOCLORITO PISCINA MUNICIPAL	342	22199	471,90 €
60	TORRES VAZQUEZ, DAVID	COPIA CHAVES, PRECINTO, SIKAFLEX,...	920	21200	122,16 €
61	TORRES VAZQUEZ, MIGUEL CARLOS	ASPIRADORA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	920	21200	85,00 €
62	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	BUS LESTEDO-VIVEIRO-BOQUEIXÓN CAMP.DE VERÁN	334	22300	800,00 €
63	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	BUS LEDESMA-CODESO (GOZA DO ULLA)	334	22300	120,00 €
64	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	BUS BOQUEIXON-CERCEDA	334	22300	297,00 €

65	ULLA OIL, S.L.	GASOIL DEPÓSITOS P.CIVIL	1621	22103	3.095,24 €
66	VAZQUEZ FERNANDEZ, Mª DEL CARMEN	PRODUCTOS ALIMENTICIOS GARDERIA	231	22105	398,86 €
67	YOLANDA NEIRA CRISTOBO	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23020	27,59 €
					<b>17.940,42 €</b>

## 18. - Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretario accidental.

O secretario – interventor accidental

Visto e prace  
O alcalde